

Felicitemos o Nadal en galego coas postais do noso alumnado

A Coordinadora Galega de ENDL puxo en marcha unha modesta iniciativa co fin de levar tamén a lingua a un ámbito, as felicitacións de Nadal, no que ocupa un lugar secundario, especialmente no terreo comercial. Esta actividade procura espallar -a través da rede por todo o mundo- as felicitacións de nadal que elabora o alumnado dos centros escolares.

Como podedes participar?

- Trátase de recoller nesta páxina as postais que elaboran os alumnos e alumnas para os concursos escolares ou para as aulas. Neste espazo dispónse da posibilidade de enviar algunhas destas imaxes para felicitar o Nadal e o Aninovo, de xeito dixital, a través delas. Seleccionarase unha mostra significativa e o usuario que se achegue á páxina poderá engadir o texto que considere e enviar as súas felicitacións por medio da rede.
- Para seleccionar as postais, terase en conta a presenza de texto en galego e mesmo lemas de fomento de uso da lingua. Os traballos non seleccionados ficarían igualmente expostos no espazo habilitado no web.
- Nas postais figurará o nome do/a alumno/a que a deseñou e o centro ao que pertence.
- Cada centro só poderá enviar un máximo de 4 traballos, un por cada ciclo educativo no caso dos centros de Infantil e Primaria.
- É preciso que acompañades a postal dun permiso expreso (por parte dos pais do alumno/a e tamén do centro) que autorice á CGENDL a usala e difundila.

Ata cando?

- O prazo de recepción de postais rematará o venres 17 de decembro.

Poden participar persoas que non sexan docentes ou alumnos/as?

- Se tes un deseño ou unha proposta que partillar con nós, coa comunidade educativa e con todo o mundo podes dirixirte a correo@coordinadoraendl.org

Saúdos normalizadores

Consello Directivo

Coordinadora Galega de ENDL

ESPAZO PARA LOGOS E ENDEREZOS OFICIAIS

AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NO CERTAME DE POSTAIS ORGANIZADO POLA COORDINADORA DE EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA.

Don/a.....(como pai, nai, titor/a...) con D.N.Iautorizo
ó/á meu fillo/a.....para que poida participar neste certame.

As postais serán colgadas nunha galería na web: <http://www.coordinadoraendl.org/nadal2010/>

Sinatura do/a pai, nai, titor/a....

....., de do 2010

ESPAZO PARA LOGOS E ENDEREZOS OFICIAIS

AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NO CERTAME DE POSTAIS ORGANIZADO POLA COORDINADORA DE EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA.

Don/a.....como Director/a do
autorizo ó/á mestre/a.....para que poida participar neste certame.

As postais serán colgadas nunha galería na web: <http://www.coordinadoraendl.org/nadal2010/>

O/A Director/a:

....., de do 2010